


MEMORIA ANUAL 2023

COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

Obxectivos e funcións

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia ten como obxectivo:

- ✓ Afondar na mellora das condicións nas que os e as xornalistas levan a cabo os seus traballos.
- ✓ A defensa profesional dos seus membros.
- ✓ Garantir a independencia e liberdade informativa en beneficio da sociedade galega.
- ✓ Defender, de acordo co artigo 20.1 da Constitución Española, o dereito á liberdade de información e de expresión garantidas a toda a cidadanía.
- ✓ Salvagardar á sociedade de informacións que tendan a deformar voluntariamente a realidade dos feitos.
- ✓ Poñer especial acento na defensa do segredo profesional e aplicación da cláusula de conciencia, como tamén recolle a Constitución.
- ✓ Todos aqueles puntos que o Colexio crea convenientes para o exercicio da súa función, así como todas as outras funcións previstas na lexislación vixente sobre colexios profesionais.

Memoria Anual

Os Estatutos do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia establecen no seu artigo 20 os puntos a seguir para a elaboración da Memoria Anual da entidade:

- a) Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo.

- b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.
- c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou firmes, con indicación da infracción a que se refiran, da súa tramitación e, se for o caso, a sanción imposta, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polas persoas consumidoras e usuarias ou as súas asociacións representativas, a súa tramitación e, se for o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- e) Os cambios no contido dos códigos deontolóxicos en caso de dispor deles.

Organigrama

Xunta de Goberno

- ❖ Decano: Francisco X. González Sarria
- ❖ Vicedecana 1º: Sonia Vizoso Pérez
- ❖ Vicedecana 2ª: Belén Regueira Leal
- ❖ Vicedecano 3º: Xosé Manuel Pereiro Sánchez
- ❖ Secretario: Darío Janeiro Pereira
- ❖ Tesoureira: Ángela Fernández Casal
- ❖ Vogais: María Bragado Paz
 - Valeria Pereiras Reza
 - Marcos Sanluis López
 - Xaime Leiro Darriba
 - Jaime Conde Guillade
 - Eliana Martíns Alvela
 - Ana González Liste
 - Mónica Rosas Conde
 - Belén López Rodríguez
 - Matilde Vázquez Rojo

Demarcacións Territoriais

- ❖ Representantes Territoriais na Demarcación da Coruña: María Pardo Ríos, Marta Otero Mayán, María Cristina Lombao Ramos e María Dolores Vázquez Blanco
- ❖ Representantes Territoriais na Demarcación de Ferrol: Marta Fernández Corral e Xan Carlos Morales Somoza
- ❖ Representantes Territoriais na Demarcación de Lugo: Orestes Currás Ordóñez, José Luis Ramudo Ramudo e María Xosé Cuadrado Fernández
- ❖ Representantes Territoriais na Demarcación de Ourense: Alba Chao Vázquez e Jorge Isla Rodríguez
- ❖ Representantes Territoriais na Demarcación de Pontevedra: Elena Gallego Abad e Pablo Lago Pita
- ❖ Representantes Territoriais na Demarcación de Santiago de Compostela: Ainhoa Apestegui Beriain, Xan Codesido Varela, David Lombao Rodríguez, Ramón Paz González, Natalia Rodríguez Rodríguez e Natalia Sequeiro Sixto
- ❖ Representantes Territoriais na Demarcación de Vigo: Mercedes Moralejo Velasco, Ana Rodríguez Piñeiro e Ángel Vila Lago

Cotas Colexiais

Dereitos de Colexiación: 30,05 €

Cotas anuais:

Colexiación en activo: 88 € repartidos en dous cargos semestrais de 44 €

Colexiation período xubilación: 44 repartidos en dous cargos semestrais de 22 € cada un

Colexiación estudantado: gratuíta mentres rematan os estudos

As cotas semestrais pásanse ao cobro a semestre vencido nos meses de xullo, e corresponde ao primeiro semestre do ano, e en xaneiro, e corresponde ao segundo semestre do ano.

Colexiadas e colexiados

O número de colexiados e colexiadas a 31/12/2023 era de **1032**, dos cales un 45,93 % (474) son mulleres e un 54,07 % (558) son homes.

DEMARCACIÓN	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	110	100	210
Ferrol	15	13	28
Lugo	60	46	106
Ourense	53	21	74
Pontevedra	42	36	78
Santiago de Compostela	207	201	408
Vigo	73	55	128
TOTAL	560	472	1032

Máis información sobre colexiados e colexiadas 2023 [aquí](#).

RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES E QUEIXAS

Expedientes

Durante o ano 2023 non se produciron nin procedementos informativos nin sancionadores.

Queixas

- Problemas de entendemento entre un concello e un medio. Carta de mediación atendida polo concello.
- Tratamento informativo de posible violencia machista. Escrito ao medio solicitando rectificación da nova.
- Praza de xornalista en tres concellos que non piden titulación. Faise requirimento para a corrección dos requisitos do posto
- Praza de xornalistas nunha deputación que non pide titulación. Faise requirimento para a corrección dos requisitos do posto.

En base a estas últimas cuestións, volveuse a insistir na necesidade de que as entidades públicas asinen o 'Compromiso público polo emprego e a profesión xornalística', que xa foi subscrito pola FEGAMP e o Concello da Coruña.

Comunicados

Emitíronse **29 comunicados** con cuestións como a denuncia de distintas agresións e trabas aos e ás xornalistas, tanto a nivel local como galego ou internacional, así como a reivindicar a posta en valor da formación específica nos postos informativos. As cuestións relacionadas coa igualdade de xénero ocuparon tamén boa parte dos posicionamentos do Colexio, cunha aposta pola incorporación de editoras de xénero nas redaccións galegas.

CÓDIGO DEONTOLÓXICO

O Código Deontolóxico do Xornalismo Galego, aprobado en Asemblea Xeral en 2008, non tivo cambios no seu contido ao longo do 2023.

INFORME DE ACTIVIDADE

Actividades de continuidade

XIX Premio José Couso de Liberdade de Prensa, concedido a Marcos Méndez.

VIII edición Bolsa Nacho Mirás para xornalistas noveis, o proxecto gañador foi 'Quen son elas?' de Cinthia Piñeiro Acevedo.

III Premio Somos Esenciais, para as xornalistas Gemma Malvido e Vanessa Casteleiro.

Formación

Neste ano apostouse pola formación online a través do formato webinar e se celebraron os seguintes encontros:

- *De Ana Orantes a Diana Quer e mentres tanto A manada*, impartido por Isabel Menéndez
- *Informar sobre o suicidio: cando, como e para que*, impartido por Gabriel González Ortiz
- *Información relativa a menores no Protocolo de Comunicación do Ministerio Fiscal de Galicia*, impartido por Elena López Fernández
- *Golosinas virtuais: a violencia simbólica no marco da biopolítica*, impartido por Isabel Menéndez
- *Introdución ao xornalismo de datos: primeiros pasos, competencias e ferramentas*, impartido por Miguel Rodríguez Fernández

Como complemento, e grazas a unha subvención concedida pola Deputación da Coruña, realizouse o “Programa formativo online para xornalistas”, un proxecto, aberto para todos os e as profesionais da comunicación que consta de cinco módulos en formato webinar:

- Módulo 1: O autoemprego, impartido por Pablo Santiago Martínez
- Módulo 2: As fontes de datos, impartido por David Lombao Rodríguez
- Módulo 3: Ciberseguridade, impartido por Fernando Suárez Lorenzo
- Módulo 4: Ferramentas de comunicación, impartido por Beatriz Losada Bobillo
- Modulo 5: A promoción da igualdade de xénero desde o xornalismo, impartido por Isabel Menéndez

Encontros e coloquios

Encontro coa activista e defensora dos Dereitos Humanos en Afganistán Massouda Kohistani, en Santiago de Compostela e con Xosé Ramón Gómez Besterio, despois do seu nomeamento como Delegado do Goberno; ambos encadrados no formato *Almorzos On/Off*.

Relación institucionais con outras entidades profesionais

- ✓ Colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
- ✓ Colaboración co Colexio Oficial e Traballo Social
- ✓ Participación na Rede de Colexios de Xornalistas para a creación do Consello Xeral de Colexios
- ✓ Participación no Foro de Organizacións de Xornalistas para temas relacionados co profesión.
- ✓ Pertenza á Federación Internacional de Xornalistas e Federación Europea de Xornalistas.

Outras cuestións

No ámbito social, o Colexio estivo presente en diferentes premios e certames: no xurado no Premio Manuel Beiras da Cámara de Comercio de Santiago e do Concello de Santiago; nos Premios 25N; no Concurso para o deseño do cartel do 8M ambos da Secretaria Xeral de Igualdade; nas Menimas 2023 da Delegación do Goberno; II Premios de Comunicación Xoan Vicente Viqueira do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia; entre outros.

Por outro lado, membros da Xunta de Goberno do Colexio participaron nunha reportaxe sobre o CPXG para o programa 'A Porta Aberta' da TVG.

Atendéronse as solicitudes de colaboración de diversos organismos e entidades que requiriron da axuda do Colexio en distintos proxectos xornalísticos como apoio a Agareso para un proxecto social, Consello Consultivo da Facultade de Xornalismo, Plan de Proxección Social da USC, entre outras.

INFORME ANUAL DE XESTIÓN ECONÓMICA

Os ingresos veñen dados principalmente polas cotas colexiais, de cobro semestral e por un total de 88 € anuais por colexiado ou colexiada. Un total de 70.204,98 €, principalmente aplicados a gastos xerais.

Independentemente, existen outros ingresos procedentes de entidades públicas ou privadas, cuxas partidas van para o financiamento de determinados proxectos. No pasado ano, estas foron as aportacións:

- ✓ Fundación Abanca: 7.000 euros destinados ao proxecto 'Bolsa Nacho Mirás'
- ✓ Convenio con Gadis: 2.000 euros para o certame 'Somos Esenciais'
- ✓ Subvención do Concello de Ferrol: 6.200 euros, para a organización da XIX edición do Premio José Couso de Liberdade de Prensa
- ✓ Subvención Deputación da Coruña: 8.000 €, para o programa de formación webinar.
- ✓ Colaboración coa Secretaria Xeral de Medios: 4.958,68 € campaña en xornalistas.gal sobre o uso da sede electrónica da administración autonómica.

Ademais disto, inclúense nos ingresos as partidas de dereitos de colexiación e outros ingresos derivados da participación do Colexio en distintas actividades. En total os ingresos de 2023 foron de 99.692,16 €.

Os gastos repartíronse, entre outras, nas seguintes partidas:

- ✓ Gastos regulamentarios: cota de afiliación á FIP, que inclúe tamén a FEP.
- ✓ Gastos sociais e difusión: elaboración dos carnés, así como os servizos de asesoría xurídica e fiscal/laboral.

- ✓ Gasto local e gastos xerais: mantemento da sede do Colexio, comunicacións, seguros, material de oficina, limpeza e envíos postais, ...
- ✓ Gasto de persoal: salarios e seguridade social das dúas persoas contratadas: 41.833,17 € en concepto de salarios e 13.068,57 € en cotizacións á seguridade social.
- ✓ Gastos por proxectos: neste apartado imputarase o gasto a cada proxecto.
- ✓ Servizos bancarios: xestións bancarias e envío de recibos de cotas.

Os gastos sumaron un total de 96.868,02 €.

*** Retribucións dos membros da Xunta de Goberno**

Os cargos de decano, vicedecanas, vicedecano, tesoureira, secretario, e membros da Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, non son remunerados.

Estes cargos só teñen dereito ao reintegro de gastos en concepto de desprazamentos e manutención cando asistan a actos, congresos, cursos etc., en representación do Colexio de Xornalistas.

Máis información sobre os ingresos e gastos de 2023 [aquí](#).

ORZAMENTOS 2024

Os orzamentos fanse tomando como referencia os datos do ano anterior. Son previsións, datos que poden cambiar ao longo do ano.

Para os orzamentos de 2024, ademais dos ingresos por cotas, dereitos de colexiación e carnés FIP como cada ano. Inclúese tamén un novo convenio con Abanca para a 'Bolsa Nacho Mirás' e un acordo con Gadis para a unha nova edición de 'Somos Esenciais'.

Asemade, estase a traballar nalgúns novos proxectos, como o que está pendente de concretar coa Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia, que poderían aportar un maior ingreso para este ano, co seu correspondente gasto.

A táboa de gastos está elaborada tomando como referencia os gastos do ano 2023. Cobren as mesmas partidas e en xeral non difiren moito dos do ano pasado. Indicar que ao longo do ano vaise buscar a posibilidade da actualización e dixitalización da base de datos. Esta inversión non estaría de momento incluído nos orzamentos.

Actualización das cotas colexiais

As cotas colexiais mantivéronse fixas ata que en 2018 aprobouse a primeira suba desde a creación do Colexio. O ano pasado aplicouse unha actualización por debaixo do IPC.

Agora, e tendo en conta a variación sufrida polo IPC neste último ano, faise necesaria unha nova actualización da cota. Polo que vaise realizar unha suba de 1,25 € por semestre, deixando a cota semestral en 45,25 €, é dicir, 90,50 € anual (anteriormente, as cifras eran de 44 € semestre, 88 € ao ano).

Orzamentos 2024

A cantidade total orzamentada é de 105.250,80 €, cifra meramente indicativo, xa que ao longo do ano pódense incorporar novos ingresos ou novos gastos.

Máis información sobre os orzamentos de 2024 [aquí](#).